

30 Enero de 2012 - Revista 853

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS E ANUNCIOS / 2

FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 10

EMPREGO / 12

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 20

EN PORTADA

## Un total de 15 universitarios galegos fixeron prácticas profesionais nos centros Quérote+ en 2011

**Quérote+** Domingo, 29 Xaneiro 2012 00:00

Un total de quince universitarios realizaron prácticas profesionais nos centros Quérote+ de Galicia ao longo de 2011, co obxectivo de completar a súa formación e obter experiencia.

Como centros multidisciplinares, os Quérote+ permiten que un amplo abano de persoas poidan acudir ao servizo para ampliar os seus coñecementos profesionais: traballadores e traballadoras sociais, psicólogas e psicólogos, educadores e educadoras sociais, ou persoas que realizan masters en xénero ou en xestión pública, entre outros.

As persoas que realizan estas prácticas descubren o traballo destes centros no día a día e participan no asesoramento que brindan á mocidade nas temáticas abordadas (convivencia, imaxe corporal, sexualidade, seguridade no uso das redes sociais, prevención no consumo de drogas); nas accións formativas (centros de ensino, escolas de nais e pais, espazos xuvenís); nos eventos na rúa (días mundiais e festividades locais); na elaboración de programas; e na xestión básica do servizo. Así mesmo, teñen praza garantida nos programas de formación para profesionais que se imparten no centro no que están realizando as prácticas.

As prácticas que se realizan teñen unha duración mínima de 250 horas, o que fai que non só se adquiran informacións e coñecementos teóricos, senón que tamén se cheguen a aplicar. Os participantes son capaces de dar resposta ao asesoramento on-line, de planificar unha programación para unha formación educativa, impartir unha sesión formativa ou dar difusión a unha campaña, entre outras actividades.

## O Centro Coordinador de Documentación Xuvenil atendeu a preto de 45.000 mozos e mozas en 2011

Luns, 30 Xaneiro 2012 09:26

O Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, atendeu durante o ano 2011 a 44.340 mozos e mozas, con un total de 48.266 consultas. A isto hai que engadir 20.011 mozos e mozas que acudiron ao centro para utilizar o programa 'Comunícate', que lles permite utilizar durante unha hora de forma gratuíta un ordenador

do centro con acceso a internet.



As consultas máis solicitadas tiveron relación con programas da Dirección Xeral de Xuventude (28%), seguíndolle a demanda de cursos (12%), actividades (10%), bolsas (9%), oposicións (9%), e vivenda, con un 8%.

En canto á idade dos usuarios por tramos, a franxa de 19 a 25 anos representa o 28% das consultas; seguido dos mozos e mozas de 26 a 30 anos (24%); os de máis de 30 anos (22%); de 14 a 18 anos (17%); e un 9% os menores de 14 anos.

Por apartados, na oficina de información xeral, atendéronse 33.895 usuarios, dos cales 22.204 foron de forma presencial e por teléfono e 11.631 por correo electrónico, o que supuxo a resposta a 36.386 consultas.

Así mesmo, realizáronse 3.862 carnés para a mocidade, sendo o máis demandado o carné xove, con 2.855 expedicións, e 1.007 no resto de carnés, como o de albergues. As consultas atendidas relacionadas con carnés foron un total de 11.042, delas 8.940 foron directas e 1.689 por vía telefónica. Tamén se levaron a cabo 55 cursos de distinta temática nos que participaron 1.026 mozos e mozas.

En canto á asesoría de programas europeos, o centro tivo 271 visitas presenciais e 523 consultas. Así mesmo coordinou un total de 32 programas europeos e 12 do programa galego de mobilidade, no que participaron 209 mozos e mozas galegos. A través da Rede Eurodesk realizáronse 51 consultas relacionadas con diversos temas sobre xuventude.

Desde o Observatorio Galego de Xuventude desenvolveuse, en colaboración coa universidade de Santiago de Compostela, o Informe sobre a Xuventude Galega 2010, así como distintos informes sobre temas diversos, entre os que destacan a siniestralidade nas estradas, mobilidade, o Carné Xove, a situación demográfica da mocidade en Galicia, ou o Programa Comunícate. Así mesmo, realizouse un monográfico sobre o Día das Letras Galegas adicado ao poeta Lois Pereiro.

En canto á Oficina de Emancipación Xuvenil, no ámbito de emprego tivo 230 usuarios e 257 consultas, das que o 55,25% foron de mulleres e o 44,75% de homes. En materia de vivenda, o número de usuarios ascendeu a 234 e o número de consultas a 264 persoas.

NOVAS E ANUNCIOS NOVAS E ACTIVIDADES

## Laboratorio Audiovisual de Vedra LAV012

Mércores, 25 Xaneiro 2012 07:48

A Asociación "Senunpeso" organiza LAV012 Laboratorio Audiovisual de Vedra.



#### OBRADOIROS INICIACIÓN

- 1- Storyboard
- 2- Postproducción Dixital
- 3- Obradoiros ESO
- 4- Open Video e a web
- 5- O intérprete diante da cámara
- 6- Animación Stop Motion

#### OBRADOIROS AVANZADOS

- 1- Corrección de cor, continuidade e look
- 2- Márketing para Proxectos Audiovisuais
- 3- Interpretación na Dobraxe

#### MAV012. Mostra Audiovisual

- “La increíble historia de Macareno y la puta milagrosa”
- “Lipsis”
- Día: Sábado 11 de febreiro
- Hora: 20.30
- Lugar: Salón de Actos da Casa da Terceira Idade de Vedra

- “Xeira”
- “Nouta pel”
- Día: Domingo 5 de febreiro
- Hora: 19.00
- Lugar: Salón de Actos da Casa da Terceira Idade de Vedra

- “La canción de Ninar”
- “Galicia en clips”
- Día: Sábado 4 de febreiro
- Hora: 21.00
- Lugar: Salón de Actos da Casa da Terceira Idade de Vedra

#### CONFERENCIAS

- Como facer visíbel o meu proxecto. Impartida por Fernanda del Nido.
- Data: Sábado 4 de febreiro

Hora: 19.45  
Lugar: Salón de Actos da Casa da Terceira Idade de Vedra

- Vivir na nube. Impartida por Iñaki Quenerapú
- Data: Domingo 5 de febreiro
- Hora: 18.00
- Lugar: Salón de Actos da Casa da Terceira Idade de Vedra

- Hai que saberse o texto? Impartida por Avelino González
- Data: Sábado 11 de febreiro
- Hora: 19.45
- Lugar: Salón de Actos da Casa da Terceira Idade de Vedra

Máis información en: [www.senunpeso.org](http://www.senunpeso.org)

## Obradoiro de Emprego Xuvenil 2012

**Mércores, 25 Xaneiro 2012 07:56**



A Dirección de Xuventude e Voluntariado a través da súa Oficina de Emancipación Xuvenil organiza un Obradoiro de Busca de Emprego para mozos de ata 35 anos de idade.

- Obxectivos:
- Favorecer e apoiar a inserción laboral da mocidade galega, mediante ferramentas de busca de traballo por conta allea e para a creación da propia empresa ou autónomos.

- Contidos:
- O Currículo. Partes. Elaboración. A Carta de Presentación. Tipos. Elaboración.
- Recursos para a busca de emprego: Redes familiares, coñecementos de búsqueda de emprego on line (buscadores, boletíns oficiais, universidades, ETT's, etc), guías de empresas, outros.
- Recursos on-line para a busca de emprego.
- A entrevista de traballo.
- Calendario de busca.

- Metodoloxía :
- No obradoiro realizarase un seguimento individualizado para cada persoa para a resolución dos seus problemas laborais, así cómo para establecer un itinerario personalizado de búsqueda de emprego.
- Desenvolvemento do obradoiro: O obradoiro desenvolverase en tres sesións de 3 horas cada unha. No Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia en Santiago de Compostela

- **Número de Prazas:** 15
- **Datas:** Xoves, 16 e 23 de febreiro, e 1 de marzo de 2012
- **Horario:** 16.00 a 19.00 h
- **Destinatarios:** Mozos e mozas desempregados menores de 35 anos.
- **Criterios de selección:** Por orde de inscrición
- **Prazo de inscrición:** Ata o 13 de febreiro de 2012.

As persoas seleccionadas serálles comunicado por correo electrónico.  
FORMULARIO DE SOLICITUDE: <http://xuventude.xunta.es/solicitud-obraoiro-emprego-xuvenil.html>

## A Escola do Amor

Mércores, 25 Xaneiro 2012 08:20

### Quérote+

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a través dos Centros Quérote+ convoca A Escola Do Amor  
Nº de horas: 15  
Nº de prazas: 25

- **CONTIDOS:**
  - Presentación
    - Presentación dos programas da DXXV
    - Presentación dos servizos dos Centros Quérote+
  - Amor e os factores que interveñen no proceso de namoramento
    - Definición de amor
    - Tipos de amor
    - Proceso de namoramento
  - Modelo de amor imperante na sociedade actual
    - Dependencia e codependencia emocional
    - Medios de comunicación e expresións artísticas do amor
  - Elaborar ferramentas na abordaxe do duelo nas relacións afectivas
  - Abordar os conceptos de dependencia emocional e codependencia
- **Lugar:** Quérote+ A Coruña
- **Datas de realización:** 17 de Febreiro, 16 Marzo, 13 Abril, 11 Maio, 15 Xuño
- **Horario:** 20:00 – 22:00

FOLLA DE SOLICITUDE: <http://xuventude.xunta.es/a-escola-do-amor.html>

## Encontra a túa bolsa !!!

Mércores, 25 Xaneiro 2012 09:15



Podes consultar as bolsas que se convocan ao longo do ano clasificadas por materias e por entidades convocantes.

Na ventá de Ensino e Bolsas de [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

## Xuventude desenvolve en Pontedeume un foro para informar á mocidade galega dos diferentes modelos de participación e emprendemento xuvenil



Mércores, 25 Xaneiro 2012 11:11

- Esta iniciativa da Rede Galega de Dinamización Xuvenil, e integrada no programa Participa, pretende achegar a tódolos mozos e mozas emprendedores no mundo asociativo xuvenil a información precisa para fomentar e promover actividades de aprendizaxe non formal.

A Consellería de Traballo e Benestar está a desenvolver ao longo do mes de xaneiro 25 encontros informativos nas comarcas e nos campus universitarios para achegar á mocidade galega o programa de emprendemento e empoderamento xuvenil 'Iniciativa Xove'.

Estos encontros teñen como obxectivo achegar á mocidade emprendedora no tecido asociativo xuvenil a información precisa para fomentar e promover actividades de aprendizaxe non formal que lles permita desenvolver as súas capacidades, talento e espírito emprendedor involucrándose na posta en marcha dos seus propios proxectos con 'Iniciativa Xove 2012'.

Os destinatarios dos encontros son os mozos e mozas menores de 30 anos, concelleiros de xuventude ou con competencias na materia, técnicos de xuventude ou cultura, membros de asociacións xuvenís ou colectivos de mozos e mozas que poidan conformarse nun grupo informal.

Nestas citas, a Dirección Xeral de Xuventude levará a cada comarca un encontro informativo onde todos aqueles mozos e mozas que o desexen poderán obter tanto información como asesoramento do programa e as novidades que este ano aparecen na convocatoria das axudas.

Onte, Ovidio Rodeiro, Director Xeral de Xuventude e Voluntariado, desplazouse ás 20.00 horas ao Espazo Xove de Pontedeume ao que asistiron máis dun centenar de persoas, concelleiros de xuventude, técnicos municipais, mozos e mozas de entidades xuvenís e grupos informais da comarca. Hoxe, mércores a iniciativa trasladarase ata a facultade de Ciencias Económicas de Santiago e ao Espazo Xove de Chantada e mañán, xoves 26 de xaneiro, celebrarase en Vigo, Ourense e Foz.

## Xuventude con iniciativa

Mércores, 25 Xaneiro 2012 11:30



A participación e o asociacionismo facilitan que os mozos e as mozas se involucren na posta en marcha das súas propias ideas, así como na defensa dos seus dereitos e valores democráticos, solidarios, sociais..., mediate a manifestación dos seus intereses.

Tanto a participación coma o asociacionismo requiren dunha colaboración activa entre as persoas implicadas para a toma de decisións, xestión e execución, polo que consideramos importante poñer os medios e os lugares de encontro necesarios para facilitar a participación entre a mocidade.

É obxectivo da Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, acadar unha participación social activa e dinámica da xuventude que permita a creación de sinerxías que redunden nunha mellora das súas oportunidades e na súa calidade de vida.

Xuventude con iniciativa supón unha aposta polo potencial e polas capacidades da nosa mocidade, que se manifestarán sen dúbida a través dos proxectos realizados no ámbito dos programas Iniciativa Xove e Voluntariado Xuvenil.

Máis información aquí: [http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2012/XANEIRO\\_2012/Xuventude\\_con\\_iniciativa.pdf](http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2012/XANEIRO_2012/Xuventude_con_iniciativa.pdf).

## Diferentes modelos de participación e empoderamento xuvenil



Xoves, 26 Xaneiro 2012 12:06

XUVENTUDE DESENVOLVE NA FACULTADE DE ECONÓMICAS DE SANTIAGO UN FORO PARA INFORMAR AOS UNIVERSITARIOS OS DIFERENTES MODELOS DE PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO XUVENIL.

Esta iniciativa da Rede de Dinamización Xuvenil, e integrada no programa Participa, pretende achegar a tódolos mozos e mozas emprendedores no mundo asociativo xuvenil a información precisa para fomentar e promover actividades de aprendizaxe non formal.

*Santiago, 25 de xaneiro*

A Consellería de Traballo e Benestar está a desenvolver ao longo do mes de xaneiro 25 encontros informativos nas comarcas e nos campus universitarios para achegar á mocidade galega o programa de emprendemento e empoderamento xuvenil 'Iniciativa Xove'.

Estos encontros teñen como obxectivo achegar á mocidade emprendedora no tecido asociativo xuvenil a información precisa para fomentar e promover actividades de aprendizaxe non formal que lles permitan desenvolver as súas capacidades, talento e espírito

empendedor involucrándose na posta en marcha dos seus propios proxectos con 'Iniciativa Xove 2012'.

Os destinatarios dos encontros son os mozos e mozas menores de 30 anos, concelleiros de xuventude ou con competencias na materia, técnicos de xuventude ou cultura, membros de asociacións xuvenís ou colectivos de mozos e mozas que poidan conformarse nun grupo informal.

Nestas citas, a Dirección Xeral de Xuventude leva a cada comarca un encontro informativo onde todos aqueles mozos e mozas que o desexen poderán obter tanto información como asesoramento do programa e as novidades que este ano aparecen na convocatoria das axudas.

Onte, ás 12.00 horas, na Aula Magna de Económicas ao que asistiron máis dunha veintena de persoas, mozos e mozas de entidades xuvenís e grupos informais da comarca. Hoxe, xoves, ás 12.00 hs a iniciativa trasladarase á Facultade de Turismo de Ourense e ás 18.00 hs á facultade de Ciencias Económicas de Vigo.

## Xuventude organizou un encontro no espazo xove de chantada para co fin de promover a participación

Xoves, 26 Xaneiro 2012 12:38



XUVENTUDE ORGANIZOU UN ENCONTRO NO ESPAZO XOVE DE CHANTADA PARA CO FIN DE PROMOVER A PARTICIPACIÓN

Estos encontros pretenden achegar a tódolos mozos emprendedores no mundo asociativo xuvenil o programa Iniciativa Xove.

Iniciativa Xove é o programa da Dirección Xeral de Xuventude que permite os mozos e mozas da comarca realizar os seus proxectos tanto dentro dunha asociación xuvenil coma dun grupo informal.

*Chantada, 25 de xaneiro*

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado celebrou onte no Espazo Xove de Chantada un encontro destinado a fomentar e animar á mocidade a participar como líderes xuvenís a través da posta en marcha de proxectos de Iniciativa Xove..

Esta iniciativa nace co obxectivo de achegar a todos os mozos e mozas emprendedores no mundo asociativo xuvenil o programa Iniciativa Xove da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

No encontro participaron vinteseite representantes de entidades do tecido asociativo xuvenil co fin de informarse das novidades deste ano 2012 dentro do programa e para por en común as inxerencias e propostas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Os asistentes foron tamén convidados a participar nos 5 talleres “ Lidera a túa idea” que se levarán a cabo no vindeiro mes de febreiro co obxectivo de trasladarlles os puntos e as claves básicas de cara a formalización dun proxecto de calidade. Mañá venres 27 publicarase en [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net) a convocatoria dos mesmos.

Este encontro foi un dos 25 que Benestar está a celebrar en todas as comarcas de Galicia e hoxe, 26 de xaneiro, trasladarase ás Facultades de Turismo de Ourense, Ciencias Económicas de Vigo e ó Concello de Foz. O venres no Espazo Xove de Betanzos, o sábado 28 en Ribadumia e A Estrada, o día 30 no Espazo Xove de Ourense e o 31 no multiusos da Cañiza.

## AVISO: prazas dispoñibles roteiros para a xuventude



**Venres, 27 Xaneiro 2012 12:46**

Aberto o prazo para que os interesados e interesadas fagan a reserva para ROTEIROS, quedan prazas dispoñibles nas seguintes fins de semana:

- “Dende o ar”:
  - do 3 ao 5 de febreiro (7 prazas),
  - do 10 ao 12 de febreiro (3 prazas),

- do 17 ao 19 de febreiro (1 praza),
- do 24 ao 26 de febreiro (4 prazas),
- do 2 ao 4 de marzo (1 praza), e do 23 ao 25 de marzo (1 praza)

- “Dende o mar”:
  - do 3 ao 5 de febreiro (8 prazas),
  - do 10 ao 12 de febreiro (14 prazas),
  - do 2 ao 4 de marzo (6 prazas),

Ábrese a oferta de prazas a calquera persoa interesada.

Para facer a reserva de praza nestas fins de semana podes chamar aos números de teléfono: 981 545937 / 545822 / 545702 / 541689, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Podedes consultar a información: <http://xuventude.xunta.es/roteiros-para-a-xuventude.html>

## Foros de participación xuvenil: Lidera a túa idea

**Sábado, 28 Xaneiro 2012 11:29**



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (DXXeV), a través do programa **Participa** da Rede de Dinamización e Animación Xuvenil, vai desenvolver en once puntos da nosa xeografía foros “ Lidera a túa idea” para promover entre a mocidade actividades de aprendizaxe non formal que lles permita desenvolver as súas capacidades, creatividade e espírito emprendedor involucrándose na posta en marcha dos seus propios proxectos .

Estos foros son un xeito de lle achegar e habilitar aos mozos e mozas galegos toda a información necesaria e as ferramentas para poder levar a cabo a solicitude , desenvolvemento e execución de proxectos de participación xuvenil de calidade. As xornadas, que terán unha duración aproximada de 2 horas e media, desenvolveranse entre o 7 e o 17 de febreiro en diferentes concellos e universidades de toda Galicia. Poderedes solicitar, a partir do luns **30 de xaneiro**, a través da nosa web [xuventude.net](http://xuventude.net), o lugar ao que queredes asistir, e para iso debes ter en conta a vosa dispoñibilidade para poder participar.

### • ESTRUCTURA DOS FOROS:

- Participación Xuvenil
  - a. Que se entende por participación xuvenil?
  - b. Graos de participación xuvenil (a escaleira da participación)

– Proxectos de Participación Xuvenil

- a. Que é un proxecto de participación xuvenil?
- b. Financiamento
- c. Iniciativa Xove

– Tés unha idea? Fai que a túa idea saia adiante

- a. Obxectivos específicos
- b. Análise do proxecto (DAFO)
- c. Actividades
- d. Redacción e estrutura

– Execución do proxecto: Fai que o teu proxecto funcione

- a. Execución
- b. Planeamento
- c. Xustificación
- d. Exemplos de proxectos

DATAS E LUGARES DOS FOROS:

- **7 de febreiro:** 12.00 hs Facultade de Ciencias Económicas de Santiago.
- **8 de febreiro:** 18.00 hs Espazo Xove de Vilagarcía de Arousa e 20.00 hs Espazo xove de Lalín.
- **10 de febreiro:** 18.00 hs Albergue Lugl ( Lugo) e 18.00 hs Residencia Xuvenil Universitaria “ Florentino López Cuevillas (Ourense).

- 11 de febreiro: 11.00 hs Albergue Xuvenil Gandarío ( Bergondo) e 11.00 hs Edificio Multiusos de Redondela ( Pontevedra).
- 13 de febreiro: 11.00 hs Facultade de Arquitectura da Coruña.
- 15 de febreiro: 11.00 hs Peritos de Ferrol.
- 16 de febreiro: 19.00 hs Espazo Xove de Viveiro.
- 17 de febreiro: 19.00 hs Espazo Xove de Curtis.

Formulario de inscrición: <http://xuventude.xunta.es/inscripcion-nos-foros-lidera-a-tua-idea.html>

## Gañadora de 2 prazas no programa Roteiros para a Xuventude, programa 'Dende o mar', co Carné Xove

Luns, 30 Xaneiro 2012 08:25



A gañadora do sorteo realizado este venres, 27 de xaneiro, dentro do programa do Carné Xove, e no que o premio consistía nun lote 2 prazas para o Roteiros para a xuventude, programa "Dende o Mar", que terá lugar do 10 ao 12 de febreiro no Albergue Xuvenil de Gandarío – Bergondo (A Coruña), foi: CRISTINA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ

Máis información en: <http://xuventude.xunta.es/roteiros-para-a-xuventude.html>

### FORMACIÓN

### CURSOS DA DXXV

## Obradoiro de Emprego Xuvenil 2012



Mércores, 25 Xaneiro 2012 07:56

A Dirección de Xuventude e Voluntariado a través da súa Oficina de Emancipación Xuvenil organiza un Obradoiro de Busca de Emprego para mozos de ata 35 anos de idade.

- Obxectivos:
  - Favorecer e apoiar a inserción laboral da mocidade galega, mediante ferramentas de busca de traballo por conta allea e para a creación da propia empresa ou autónomos.
- Contidos:

- O Currículo. Partes. Elaboración. A Carta de Presentación. Tipos. Elaboración.
- Recursos para a busca de emprego: Redes familiares, coñecementos de búsqueda de emprego on line (buscadores, boletíns oficiais, universidades, ETT's, etc), guías de empresas, outros.
- Recursos on-line para a busca de emprego.
- A entrevista de traballo.
- Calendario de busca.

- Metodoloxía :

No obradoiro realizarase un seguimento individualizado para cada persoa para a resolución dos seus problemas laborais, así coma para establecer un itinerario personalizado de búsqueda de emprego.

- Desenvolvemento do obradoiro: O obradoiro desenvolverase en tres sesións de 3 horas cada unha. No Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Galicia en Santiago de Compostela
- Número de Prazas: 15
- Datas: Xoves, 16 e 23 de febreiro, e 1 de marzo de 2012
- Horario: 16.00 a 19.00 h
- Destinatarios: Mozos e mozas desempregados menores de 35 anos.
- Criterios de selección: Por orde de inscrición
- Prazo de inscrición: Ata o 13 de febreiro de 2012.

As persoas seleccionadas serálles comunicado por correo electrónico.

FORMULARIO DE SOLICITUDE: <http://xuventude.xunta.es/solicitud-obrao-emprego-xuvenil.html>

## A Escola do Amor

### Quérote+

Mércores, 25 Xaneiro 2012 08:20

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a través dos Centros Quérote+ convoca A Escola Do Amor

- Nº de horas: 15
- Nº de prazas: 25

- CONTIDOS:

- Presentación
  - Presentación dos programas da DXXV
  - Presentación dos servizos dos Centros Quérote+
- Amor e os factores que interveñen no proceso de namoramento
  - Definición de amor

- Tipos de amor
- Proceso de namoro

- Modelo de amor imperante na sociedade actual
  - Dependencia e codependencia emocional
  - Medios de comunicación e expresións artísticas do amor

- Elaborar ferramentas na abordaxe do duelo nas relacións afectivas
- Abordar os conceptos de dependencia emocional e codependencia

- **Lugar:** Quérote+ A Coruña
- **Datas de realización:** 17 de Febreiro, 16 Marzo, 13 Abril, 11 Maio, 15 Xuño
- **Horario:** 20:00 – 22:00

FOLLA DE SOLICITUDE: <http://xuventude.xunta.es/a-escola-do-amor.html>

## FORMACIÓN CURSOS DE TEMPO LIBRE

### Cursos de Monitor de Tempo Libre



**Mércores, 25 Xaneiro 2012 14:11**

A Escola de Tempo Libre Fesán vai impartir dous cursos de monitor de actividades de tempo libre:

- 1º. En Carballo do 28/01/2012 ao 09/06/2012, no Pabellón Vila de Noia na Rúa da Vila de Noia s/n 15100 Carballo (A Coruña).
- 2º. En Rodeiro do 28/01/2012 ao 09/06/2012, na Casa Escola da Latiza no Lugar A Latiza s/n 36530 Rodeiro (Pontevedra).

Máis información: Teléfono: 981 522 426  
Fax: 981 522 223  
E-mail: [etlfesan@fesan.org](mailto:etlfesan@fesan.org)

## BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

### Premios extraordinarios de formación profesional de grao superior



**Venres, 27 Xaneiro 2012 08:29**

A Consellería de Educación convoca premios extraordinarios de formación profesional para o alumnado que realizou os estudos de formación profesional de grao superior no curso 2010-2011 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderanse conceder ata vinte e dous premios extraordinarios, un por cada familia de formación profesional de grao superior que se imparte na Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderá optar aos premios extraordinarios de formación profesional o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Ter rematados os estudos de formación profesional de grao superior no ano 2011 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, ben na modalidade presencial ou na modalidade a distancia.

2. Ter obtido unha cualificación final media de todos os módulos igual ou superior a 8,50.

- A dotación para os premios será de 850 € por premio.

O prazo para optar aos premios estará aberto ata o 27 de febreiro de 2012.

Máis información no DOG do 27 de xaneiro de 2012 e en: <http://www.edu.xunta.es/premiosfp>


## BOLSAS E AXUDAS MOBILIDADE

### Bolsas Stevenson en Escocia

**Martes, 24 Xaneiro 2012 09:32**

British Council en España convoca bolsas Stevenson para estudos universitarios en Escocia.

Poden optar a estas bolsas todos os estudantes universitarios menores de 25 anos (excepcionalmente poden ter ata 35 anos) que es



tean matriculados ou que rematasen os seus estudos recentemente nalgunha universidade española e que desexen estudar en Escocia. As bolsas están abertas a calquera disciplina e permiten estudar nunha universidade escocesa de 3 a 9 meses.


A contía da bolsa será de entre £200 ata £4,000 podendo variar esta cantidade considerablemente a discreción do Comité Executivo. É requisito imprescindible posuír un bo coñecemento de inglés e que o solicitante establecese contacto previo con algunha universidade escocesa aínda que non fose formalmente aceptado aínda. Estas bolsas son axudas complementarias e os bolseiros seleccionados terán que custearse a viaxe e os gastos de estanza.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 10 de febreiro de 2012. Máis información en: <http://www.britishcouncil.org/spain/stevenson-scholarship>

**BOLSAS E AXUDAS** OUTRAS

## Programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes

**Mércores, 25 Xaneiro 2012 08:04**



A Secretaría Xeral da Igualdade convoca axudas e subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, a través dos seguintes tipos de programas:

- a) Mantemento de centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) nos que se ofrece asistencia básica (aloxamento, manutención) e programas de apoio ás mulleres en situación de exclusión especial
- b) Recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos e/ou fillas menores de tres anos
- c) Recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social (reclusas, ex-reclusas, drogodependentes)
- d) Recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección (anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, pertencentes a minorías étnicas)

e) Recursos integrais de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero

f) Aqueles outros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no

ámbito desta resolución.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 25 de febreiro de 2012. Máis información o DOG do 25 de xaneiro de 2012 e en: <http://igualdade.xunta.es>

## Axudas á danza e á lírica e a música

**Luns, 30 Xaneiro 2012 08:07**

O Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música convoca axudas destinadas a asociacións, federacións e confederacións de ámbito estatal para o desenvolvemento de actividades de danza con proxección nacional ou internacional, así como para a realización de actividades de lírica e música.

A actividade desenvolvida por estas entidades debe exceder o ámbito dunha Comunidade Autónoma. Excepcionalmente, tamén poderán solicitar axuda aquelas de ámbito autonómico que teñan acordos con outras entidades análogas doutras Comunidades Autónomas, para levar a cabo os proxectos de danza e para a realización de actividades de lírica e música, que contribúan ao coñecemento e intercambio das manifestacións artísticas xeradas en distintos puntos do territorio español.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 29 de febreiro de 2012. Máis información en [www.mcu.es](http://www.mcu.es) (Artes Escénicas y Música /Becas, ayudas y subvenciones/convocatorias) e no BOE do 30 de xaneiro de 2012.

## Axudas á difusión do teatro e do circo e á comunicación teatral e circense

**Luns, 30 Xaneiro 2012 08:39**



O Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música convoca programas de apoio á comunicación teatral e circense, son axudas á realización de festivais, mostras, feiras, circuítos e outros eventos teatrais ou circenses.

Poderán concorrer nesta modalidade corporacións locais e entidades sen fins de lucro organizadoras de festivais, mostras, feiras, circuítos e outros eventos teatrais que teñan ámbito, relevancia ou difusión nacional ou internacional en virtude do volume, calidade e impacto social e artístico da súa programación.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 29 de febreiro de 2012. Máis información en: [www.mcu.es](http://www.mcu.es) (Artes Escénicas y Música /Becas, ayudas y subvenciones/convocatorias) e no BOE do 30 de xaneiro de 2012.

## PREMIOS E CONCURSOS

### V premio internacional Compostela para álbums ilustrados



Martes, 24 Xaneiro 2012 08:49

O Concello de Santiago en colaboración coa editorial Kalandraka convoca o V premio internacional Compostela para álbums ilustrados, dentro da XII Campaña de Animación a Lectura.

Poderán optar ao V Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.

As obras poden presentarse en calquera das linguas oficiais peninsulares e serán orixinais e inéditas. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non poderá superar as 40 páxinas interiores.

Os/as autores/as que opten ao premio deberán presentar:

- Cinco copias do texto.
- Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias encorde cada unha delas.
- Unha maqueta acabada do proxecto que se presenta.

Nas obras non deberá figurar o nome dos/as autores/as senón un lema ou pseudónimo. Os datos persoais dos e das participantes achegaranse nun sobre pechado indicando no exterior o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior, o nome ou nomes completos, enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo electrónico. Dentro do sobre tamén se incluírán unha fotocopia do DNI ou pasaporte así como unha breve recensión biográfica.

O prazo para presentar as obras estará aberto ata o 2 de marzo de 2012.


O premio é de 9000 € e a publicación da obra en tódalas linguas peninsulares no mes de outubro de 2012.

Máis información en: [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

### Inspiraciencia para nenos e maiores

Xoves, 26 Xaneiro 2012 10:21

O Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) convoca Inspiraciencia: un concurso de relatos de inspiración científica. A ciencia e a literatura recorren á creatividade para encarar novos retos. Este concurso é unha iniciativa participativa que combina ciencia e escritura para xerar cultura científica e unha mentalidade aberta á innovación.



1. Poderá participar calquera persoa que presente un relato orixinal en calquera de as dúas modalidades do concurso que estea inspirado nunha temática científica cual sexa o xénero literario (narración, poesía, teatro).

2. Os orixinais estarán escritos en catalán, español ou galego. Deberán ser inéditos e non ter sido premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ter sido publicados en ningún outro medio.

• *Modalidades e categorías*

3. O concurso ten dúas modalidades:

- Relatos curtos. Deberán ter unha extensión mínima de 800 palabras e máxima de 1.500 palabras.
- Microrrelatos. Deberán ter unha extensión máxima de 500 palabras.

4. Os participantes poderán participar nunha das seguintes categorías:

- Público adulto (a partir de 18 anos)
- Público xuvenil (de 12 a 17 anos)

5. Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e poden enviar como máximo un relato para cada modalidade competitiva. É dicir, cada participante pode enviar un relato curto e un microrrelato.

Presentación dos relatos

6. Os orixinais deberán publicarse no sitio web do concurso:

- [www.icmab.es/inspiraciencia](http://www.icmab.es/inspiraciencia)
- Previamente haberá que rexistrarse a través dun formulario dispoñible no mesmo sitio web.

7. Os participantes poderán acceder á súa conta co nome de usuario e unha contrasinal. O pseudónimo será o nome co que se asinará os relatos que se queiran publicar.

8. O prazo de presentación de relatos pecharase o 15 de marzo de 2012.

• *Premios*

9. Os premios outorgaranse durante o mes de abril de 2012, nun acto que se anunciará oportunamente.

10. O concurso prevé un premio institucional e un premio do público, para cada modalidade e categoría. Os premios serán dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura ou talleres similares.

Máis información en: [www.icmab.es/inspiraciencia](http://www.icmab.es/inspiraciencia)

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICION, CERTAMES E CONCERTOS

## Deseña unha xoia para a túa nai



Venres, 27 Xaneiro 2012 10:24

O Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia convoca a III edición do certame Deseña unha xoia para a túa nai.

O concurso está aberto a todos os escolares de Galicia, dende os 0 ata os 12 anos (inclusive). Os participantes dividiranse en catro categorías, atendendo á súa idade:

- Ata os 4 anos inclusive
- De 5 a 7 anos inclusive
- De 8 a 10 anos inclusive
- De 11 a 12 anos inclusive

• **Premios:**

O xurado seleccionará 80 deseños finalistas, 20 por categoría, aos que se lles outorgará un diploma acreditativo da participación. Entre os finalistas de cada categoría outorgaranse tres premios (1º, 2º e 3º premio).

Os deseños gañadores de cada grupo faranse realidade por xoieiros profesionais, no metal que estes entendan idóneo, e serán entregados ós seus autores antes do día da Nai.

As xoias finais, cando a execución técnica da peza así o requira, serán unha interpretación do profesional que a realice.

O prazo de entrega das tarxetas cos deseños estará aberto ata o 25 de marzo de 2012.

Pódense enviar por correo postal ou entregarse persoalmente na sede central do Colexio, sita na rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB, 15.701 (Santiago de Compostela), ou nas súas delegacións (rúa Príncipe, 22- 4º, en Vigo, e Pórtico de San Andrés, 1 – 1º, na Coruña).

Máis información en: [www.coxga.es](http://www.coxga.es)

## IX edición do Festival de Cans

Venres, 27 Xaneiro 2012 11:23

A Asociación Cultural Arela abre o prazo de admisión de curtametraxes para a súa selección para participar na IX edición do Festival de Cans.

# el festival val

As curtametraxes que se presenten deben ser curtametraxes galegas dos anos 2010, 2011 ou 2012.

Para os efectos de participación neste festival, por curtametraxes galegas enténdense pezas producidas por produtoras de Galicia, feitas en Galicia ou cuxo director/a sexa gallego/a.

Aínda que non é condición necesaria, valorase especialmente as curtametraxes non estreadas en Galicia nin en internet.

• *Establecense dúas categorías a concurso:*

- a) curtametraxes de animación
- b) curtametraxes de ficción

O certame admite ademais todo tipo de curtametraxes que poden ser incluídas noutras seccións fóra de concurso (documentais, capítulos piloto de webseries...)

A duración de cada curtametraxe non superará os 30 minutos.

• *Establecense os seguintes premios:*

- a) premio do xurado á mellor curtametraxe de ficción: 1.500 € e Can de Pedra
- b) premio do xurado á mellor curtametraxe de animación: 1.500 € e Can de Pedra
- c) premio do público á mellor curtametraxe de ficción: 1.000 € e Can de Pedra
- d) premio do público á mellor curtametraxe de animación: 1.000 € e Can de Pedra
- e) premio do xurado á mellor actriz: Can de Pedra
- f) premio do xurado ao mellor actor: Can de Pedra
- g) premio do xurado ao mellor guión: Can de Pedra

As curtametraxes enviaranse antes do 16 de marzo de 2012 á seguinte dirección:

Asociación Cultural Arela  
Aptdo. de Correos 232  
C.P. 36400 O Porriño (Pontevedra)

As curtametraxes enviaranse co seguinte material e documentación:

- a) dúas copias independentes en formato DVD;
- b) ficha de inscrición completada e asinada, descargada do apartado "bases" da web: [www.festivaldecans.com](http://www.festivaldecans.com)
- c) dúas imaxes dixitais en formato JPG (un fotograma e o cartel), con resolución mínima de 200 píxeis por polgada.

As curtametraxes seleccionadas serán exhibidas dentro da programación do IX Festival de Cans, que se desenvolverá do 23 ao 26 de maio de 2012. Máis información en: [www.festivaldecans.com](http://www.festivaldecans.com)

EMPREGO EMPREGO PRIVADO

## Conductor de instalacións para o Hospital A Coruña

**Mércores, 25 Xaneiro 2012 08:25**

